



ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLE/2017/12	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	22 de decembro de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 20:03 ata as 22:24 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SI
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ



Concello de Cangas

78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### **Aprobación da acta da sesión anterior de 24 de novembro de 2017.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada o 24 de novembro de 2017.

##### **Expediente 7699/2017. Proposición da Concellería de Medio Ambiente s/ auxilio e recollida de animais abandonados.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 12, En contra: 7,

Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.12.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Concelleira de Medio Ambiente, do día 27.11.2017, relativa ao auxilio e recollida de animais abandonados, que é como

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



segue:

*“Como ven acordada na lexislación vixente estatal, o auxilio e recollida de animais de compañía abandonados é competencia da administración local, entendendo por administración local aos concellos, agrupacións formais de concellos (Mancomunidades) e Deputacións.*

*En Cangas, actualmente, este servizo público vense tratando a través de un convenio individual coa Protectora de Animais do Morrazo a que, a súa vez, mantén sendos convenios de colaboración cos concellos de Bueu e Moaña.*

*Sendo coñecedora dos problemas que esta Protectora ten para a subsistencia económica do servizo, realizáronse a principios de ano varias modificacións no convenio anterior, un convenio certamente abusivo que non marcaba correctamente os límites nin cubría as necesidades reais do servizo.*

*Co novo convenio foron varias das melloras acometidas como, por exemplo, a regularización dunhas xornadas de traballo máis axeitadas, posto que o servizo da Protectora reduciuse de lúns a venres e en horario de 9:00 h a 16:00 h ou o cambio, que xurde efecto dende xuño do 2017, sobre o tipo de pago. Estas melloras parece non ter sido suficientes para regularizar o servizo público a ofrecer dende o Concello a través da Protectora a que carece de fondos suficientes para poder agardar aos pagos previstos.*

*A todo o anterior súmase a imposibilidade da Protectora de Animais do Morrazo de acoller gatos ou calquera outro tipo de animal doméstico que non sexan cans, dado que o estado das súas instalación non o permiten. Estas instalacións non son aptas se quera para a realidade que asumen a día de hoxe posto que as condicións de conservación non son as adecuadas e a distribución non é a adecuada polo que se teñen dado casos de feridas entre os animais acollidos.*

*O benestar animal é un pilar fundamental na sociedade que queremos e por iso, non podemos deixar pasar máis tempo sen solventar de raíz este problema e temos que comprometernos dende todas as administracións locais implicadas: concellos, Mancomunidade e Deputación de Pontevedra.*

*Polo tanto, propoño:*

- Que o Pleno de Cangas apoie esta proposta para que a Mancomunidade do Morrazo teña a ben estudar a posibilidade de asumir o auxilio e recollida de animais domésticos abandonados nos concellos de Cangas, Moaña, Bueu (e Vilaboa dada a recente entrada deste concello na Mancomunidade) dende este ente local, dotando para iso os orzamentos anuais 2018 con unha partida suficiente para a xestión deste servizo. Que dote, do mesmo xeito, os orzamentos anuais 2018 con unha partida específica para a mellora ou substitución das instalacións actuais da Protectora de Animais do Morrazo por outras adecuadas para que o servizo desta Protectora se faga de maneira íntegra (cans, gatos e outros animais domésticos abandonados no Morrazo).*



- *Que o Pleno de Cangas remita esta proposta á Deputación de Pontevedra como punto de partida para o estudio, por parte desta de asumir parte ou o total dos gastos que suporían unhas novas instalacións totalmente equipadas e adecuadas para que este servizo se faga de maneira completa e para que a Protectora poida acoller cans, gatos e outros animais domésticos abandonados.”*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sra. Castro Paredes:** explica que na exposición de motivos da proposta se inclúe a Vilaboa o cal foi un erro, xa que Vilaboa non pediu entrar na Mancomunidade do Morrazo, senón na área metropolitana. Fai unha exposición do contido da proposta.

Incidencias:

Cando son as 20:05 horas incorpórase ao Salón de Sesións o concelleiro Sr. Soliño Soliño.

**Sr. Soliño Costas:** considera que a proposta xera moitas dúbidas. ¿A protectora de animais do Morrazo esta conforme con esta proposta? ¿Están Bueu e Moaña de acordo con que a Mancomunidade asuma esta competencia? Lembra que o problema dos animais abandonados é problema do concello e non da protectora.

**Sr. Iglesias Santos:** di que está conforme coa busca de solucións a este problema. Xa que a Deputación aporta cartos para as actividades do municipio, ¿Pensouse en redactar unha ordenanza nesta materia de animais para evitar ou prever o abandono, establecendo multas fronte ao abandono? Considera necesario que o concello teña unha regulación nesta materia.

**Sr. Gestido Porto:** cre que é unha proposta correcta pero considera que debería debatirse previamente no seno da Mancomunidade, para que decidan previamente os tres concellos mancomunados, antes de que o Concello acorde transferir esta competencia á Mancomunidade. Cre que esta proposta busca evitar un problema máis que solucionalo.

**Sra. Castro Paredes:** di que a intención da proposta é buscar o apoio plenario para a continuación trasladala á Mancomunidade. A xestión desta competencia pola Mancomunidade non vai supoñer que o Concello se exima desta responsabilidade, xa que forma parte da Mancomunidade, o que se busca é facilitar a prestación do servizo por parte da asociación protectora, simplificando o expediente, de forma que a protectora non terá que facer as xestións ante tres administracións, senón só ante unha que é a Mancomunidade. Explica que se reuniu varias veces coa protectora e piden a ampliación das instalacións, non terían problema en asumir a recollida doutros animais pero para iso é necesaria a previa adaptación das instalacións.

Tamén mantivo contacto coa asociación Colonias Canguesa e lles invitou a reunirse con ela.

Sinala que se está actualmente a xestionar polo concello o abandono de animais e lembra



que hai xa ordenanza municipal que regula a tenencia de animais de compañía e de animais perigosos e se están a aplicar sancións.

**Sr. Soliño Costas:** indica que non se respostaron varias das súas preguntas polo que confirma que a proposta está chea de dúbidas e que a concelleira non coñece cal é o problema. Lembra que o Concello de Bueu non lle paga á protectora desde fai un ano e que Cangas leva un retraso de seis meses no pagamento e ese é o principal problema. Cre que transferir a competencia á Mancomunidade significa enredar aínda máis. Considera que non é unha boa idea mezclar diferentes animais nas instalacións, coma cans e gatos. Lembra que os membros da protectora son voluntarios, non traballadores e por iso non se lles pode cargar coa responsabilidade de xestionar este servizo de animais abandonados.

**Sr. Alcalde:** aclara que o Concello está ao día no pagamento coa protectora e cando houbo retrasos foi porque a protectora non aportou a documentación esixida e así figura nos informes de intervención, en canto aportou a documentación realizouse o pago.

**Sr. Soliño Costas:** indica que en xuño de 2017 debíanselle seis meses de xestión á protectora.

**Sr. Alcalde:** repite que senon se fixo o pagamento é porque a protectora non aportou a documentación que require o convenio.

**Sr. Iglesias Santos:** lembra que a proposta pretende iniciar un expediente polo que espera que a Mancomunidade dea unha solución definitiva a este problema, votará a favor.

**Sra. Castro Paredes:** explica que actualmente hai un convenio de colaboración coa protectora que require que se presente unha documentación xustificativa dos gastos para poder pagar por parte do concello. Este convenio é parcial, non cubre todas as necesidades que se presentan no día a día. Indica que na protectora hai voluntarios, pero tamén hai persoal asalariado. Considera necesario buscar vías de solucionar este problema.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 12 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN e 1 do PsdeG-PSOE ).

**Votos en contra:** 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

**Abstención:** 1 do concelleiro de "CANGAS DECIDE"

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 7700/2017. Moción do PSdG-PSOE de 13.12.2017 para regular adecuadamente a figura do consumidor vulnerable do real decreto 897/2017, de 6**



**de outubro (sobre o “bono social eléctrico”).**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.12.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PsdG-PSOE, do día 13.12.2017, relativa a regular adecuadamente a figura do consumidor vulnerable do real decreto 897/2017, de 6 de outubro (sobre o “bono social eléctrico”) que é como segue:

*"O Real Decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, define a figura do consumidor vulnerable, asociándoa, como regra xeral, a determinados limiares de renda referenciados ao Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), en función do número de membros que compoñan a unidade familiar.*

*Segundo dispón a nova norma, evitarase o corte de subministración eléctrica aos fogares que acrediten a condición de vulnerabilidade severa se os servizos sociais (locais ou autonómicos) abonan a factura.*

*Ante unha situación de falta de pagamento o proceder das eléctricas será indicar aos seus clientes que acudan aos servizos sociais e se estes pagan o 50% das súas facturas, entón non se lles cortará a subministración.*

*A Memoria Xustificativa do Real Decreto realiza unha análise de impactos que, entre outros, inclúe o orzamentario, respecto do cal sinala que “o custo total estimado das medidas contidas neste Real Decreto non ten impacto orzamentario, pois non existen custos específicos que determinen a necesidade dunha dotación ou incremento nas correspondentes partidas orzamentarias”.*

*Numerosos expertos e organizacións sociais sinalaron que esta non é a maneira adecuada de abordar o problema. A Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais de España puxo de manifesto que a medida posúe lagoas e efectos perversos entre os que se atopan os seguintes:*

- Un importante impacto orzamentario en concellos e comunidades, nin previsto nin pactado no seo do órgano que debía coñecer e abordar o asunto (Consello Territorial de Servizos Sociais). Por outra banda, non hai garantía de asunción polas administracións con servizos sociais, o que xerará graves desigualdades territoriais na abordaxe final do asunto.*
- Os PGE de 2017 non contemplan o impacto da medida.*
- Obviáronse e ninguneado os sistemas de protección xa existentes nalgunhas comunidades autónomas e concellos.*
- Xerarase unha sobrecarga de xestión imposible para os servizos e para os profesionais xa exhaustos porque durante a crise viron multiplicada a demanda e minguados os*



recursos.

- *Discrimínanse positivamente algunhas circunstancias (familias numerosas con independencia dos seus ingresos) mentres que outras, moito máis castigadas actualmente, (monoparentalidade ou soidade) non son tidas en conta.*

*Por todo iso, o GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CANGAS presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de España a:*

*1.- Reforzar o Plan Concertado de prestacións básicas de servizos sociais dende a Administración Xeral do Estado para consolidar e desenvolver as estruturas dos servizos sociais de atención primaria, así como as súas funcións e prestacións básicas, impulsando un sistema público de nivel primario que permita atender a toda a cidadanía.*

*2.- Reformar o Real Decreto regulador da figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.*

*3.- Para que non se faga recaer o custo das medidas de protección nas administracións territoriais titulares dos servizos sociais, incluír nos Orzamentos Xerais do Estado unha cantidade suficiente para sufragar o custo da protección ao consumidor vulnerable. Esta partida orzamentaria repartirase entre as Comunidades Autónomas segundo os criterios que se acorden no Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.*

*4.- Aprobar, mediante o acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, unha norma que impida o corte da subministración de gas aos consumidores vulnerables."*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Iglesias Santos:** explica o contido da moción, dando lectura aos puntos de acordo propostos.

**Sr. Hermelo Álvarez:** di que votarán a favor da proposta. Indica que existe a posibilidade de que sexa a empresa subministradora a que antes do corte se preocupe da situación das familias, dado que teñen acceso aos datos, e iso evitaría que a administración teña que intervir.

**Sra. Hermelo Piñeiro:** cre correcto que o PSOE apoie a bono social e lembra que as medidas establecidas no seu día polo goberno socialista foron anuladas polo Tribunal Supremo e que xa desde o 2009 as directivas europeas esixían medidas coma o bono social eléctrico e o goberno central non as aplicou. Expón que o concepto de consumidor vulnerable regulado no Decreto 897/2017 é máis amplo do que expón a moción. Explica tamén as competencias que se lle atribúen aos servizos sociais. Lembra que son as empresas subministradoras as que teñen que asumir os custos, de aí que non se



consignen partidas concretas nos orzamentos do Estado neste extremo.

**Sr. Gestido Porto:** di que apoiará a moción.

**Sr. Iglesias Santos:** sinala que o PSOE perdeu as eleccións no 2011 e desde entón o goberno do PP e ata o de agora non adoptou as medidas pertinentes nos termos axeitados.

Cre que non procede a intervención dos concellos nesta materia na medida en que é o Estado quen ten todos os datos e a información, así coma os cartos.

**Sr. Hermelo Álvarez:** explica os casos concretos en que as empresas subministradoras están obrigadas a subministrar certos datos.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 7701/2017. Moción do grupo PP de 14.12.2017 s/ o funcionamento da EDAR cun so vaso de dixestión biolóxica.**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 8, En contra: 11,  
Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.12.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 14.12.2017, relativa ao funcionamento da EDAR cun vaso de dixestión biolóxica, que é como segue:

*"A EDAR municipal desde fai preto de 2 anos está funcionando con un so vaso de dixestión biolóxica, é dicir está funcionando coa metade de capacidade para tratar as augas que xa de por si están aumentadas ao existir achegas de pluviais en distintos puntos da rede de saneamento. Esta situación ao noso entender é grave pois a única solución para que non entre en carga toda rede de saneamento é aliviar ao mar. Isto é o que está acontecendo con mais frecuencia da que seguramente temos coñecemento cando hai choivas. E se a todo isto os bombeos non están nas condicións de mantemento que deberían de estar, a ninguén que teña uns mínimos coñecementos da situación real do saneamento no noso Concello pódennlle sorprenden os frecuentes vertidos en Aldán, en Vilariño, en Liméns ou no bombeo do Salgueirón.*

*Non pode servir como xustificación que as analíticas que fai a empresa da asistencia técnica que ten contratada Augas de Galicia dan como bos os resultados, pois analizan o que sae polo emisario da EDAR, pero cantas toneladas de auga van a parar o mar sen*





*depurar?. No inverno seguramente bastante mais que o dobre da cantidade que se depura. Por riba a empresa concesionaria, ademais de estar cometendo un delito medio ambiental, está aforrando os cartos que custa a enerxía eléctrica que consumiría o rotor que non está funcionando e os bombeos apagados cando alivian.*

*Esta situación por moito que intenten disfrázala non pode durar mais tempo, por todo iso efectuamos as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:*

*1- O Pleno do Concello insta ao Equipo de Goberno a que esixa a Empresa Concesionaria do Ciclo da Auga a que poña en funcionamento inmediatamente o 2º vaso de dixestión biolóxica.*

*2.- De non facelo, ademais do correspondente expediente sancionador, o Concello executará a obra con cargo ao orzamento 2018 e esixirá senón hai outra posibilidade, vía xudicial o importe de dita obra."*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Graña Graña:** expón o contido da moción, dá lectura ás propostas de acordo.

**Sra. Giráldez Santos:** cre que a moción mixtura diferentes cousas. As depuradoras teñen tres limitacións, que son o caudal, carga orgánica e retirada de fangos, Areamilla ten moitos problemas, o principal é a incapacidade para asumir máis de 9000 m<sup>3</sup> día, en casos putuais a carga orgánica está no límite do reactor biolóxico, en caso de superarse ese límite sería cando habería que habilitar outro vaso, pero polo de agora ese outro vaso de dixestión non é necesario, ese non é o problema da depuradora, segundo os informes que se emiten a pedimento de Augas de Galicia. Outro problema é que non existe outro decantador final, a EDAR require moitos investimentos que debe asumir a empresa porque así llo esixe o contrato, pero o problema non é o plantexado na moción do PP. Hai que solucionar os problemas na orixe, e ese problema non é o rotor nin outro vaso dixestivo. Lembra que o concello está a tramitar a resolución do contrato do ciclo da auga entre outras razóns debido ao incumprimento dos investimentos aos que está obrigada na EDAR.

**Sr. Iglesias Santos:** di que lle parece un tema complexo que está claro que non está a funcionar ben. Pide un documento explicativo da problemática. Vaise abster.

**Sr. Gestido Porto:** Pregunta si está funcionando o segundo vaso comunicante se hai un estudo de custos para a súa posta en marcha.

**Sr. Abalo Costa:** di que a empresa é coñecedora e está notificada desta incidencia. Cre que é necesaria unha diagnose do que está a ocorrer aí tal e como pide o Sr. Iglesias Santos. Se efectivamente a EDAR ten este mal funcionamento non entende porqué o PP non o tivo en conta cando se tramitou o contrato de xestión do ciclo da auga por 25 anos. Indica que a problemática da EDAR está recollida no expediente de resolución do contrato do ciclo da auga.



Concello de Cangas

**Sr. Graña Graña:** lembra que o rotor estaba en funcionamento con anterioridade, tanto coa actual empresa como coa anterior. Os informes poñen claramente que o rotor non funciona. Lembra que a concesionaria unilateralmente decidiu que a depuradora non ten que funcionar. Indica que coa seca actual non se chega nin de broma aos 9000 m<sup>3</sup>, polo que ese problema non o teñen xa. Considera que o rotor actualmente está de adorno.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP. e 1 de "CANGAS DECIDE").

**Votos en contra:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).

**Abstención:** 1 do concelleiro do PsdeG-PSOE.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Incidencias:

Cando son as 21:00 horas abandona o Salón de Sesións a concelleira Sra. Cordeiro Magdaleno.



**Expediente 7702/2017. Moción do PP de 14.12.2017 s/ a falla de infraestruturas que permitan garantir o subministro de auga potable en condicións adversas.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.12.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 12.12.2017, relativa á falla de infraestruturas que permitan garantir o subministro de auga potable en condicións adversas, que é como segue:

*“Unha das consecuencias da seca que sufrimos ata fai uns días, é sen dúbida a evidencia da falla de infraestruturas que permitan garantir o subministro de auga potable en circunstancias adversas aos domicilios dos distintos Concellos que conformamos a non nata Área Metropolitana de Vigo.*

*O PP de Cangas sempre dixo (A última vez no apartado d) do primeiro punto da Moción debatida no Pleno de Xaneiro do 2016) que dentro das competencias futuras que tería o citado organismo, debía estar presente o transporte metropolitano, incluído o transporte urbano de Vigo garantindo o acceso en igualdade de condicións de todos os cidadáns da citada Área e a constitución dun consorcio que xestione a auga tanto na súa captación como na súa distribución.*

*Aínda que o Concello de Vigo sexa a Administración que xestionou as infraestruturas que permiten que a auga chegue en condicións sanitarias axeitadas aos domicilios dos distintos Concellos, seguramente aportando importantes cantidades económicas do seu orzamento, tamén é certo que moitas desas obras foron executadas grazas a fondos da UE ou do Estado e a maioría delas están fora de Vigo. Por riba o prezo con que venden a auga non é o mesmo prezo para todos os usuarios.*

*Por iso, ao noso entender debería de existir un Organismo con personalidade xurídica no que ademais de participar os Concellos, debería estar Augas de Galicia e Deputación. Situacións como a do posible trasvase do río Verdugo ou o deficiente estado da potabilizadora ou mesmo o mantemento do emisario submarino que trae desde Vigo a auga para Cangas e Moaña, non poden estar o capricho do político vigués do momento.*

*Sen ir mais lonxe algo similar xa existe co Consorcio do Louro, onde ademais dos Concellos (Mos, Porriño, Salceda e Tui) participa Augas de Galicia.*

*Por todo iso efectuamos as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:*

*1.- O Pleno do Concello de Cangas insta á Xunta de Galicia a que aplique a normativa necesaria para a creación dun Consorcio de Augas para os Concellos que reciben subministro da presa de Eiras.*



2.- *O Pleno do Concello de Cangas insta a Augas de Galicia a que faga un estudo das carencias en infraestruturas para garantir o subministro de auga en condicións sanitarias óptimas aos domicilios dos distintos Concellos que recibimos auga do río Oitavén.*

3.- *O Pleno do Concello de Cangas insta ao Goberno Municipal a que faga un estudo comparativo dos prezos os que Vigo está vendendo a auga os distintos Concellos."*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Sotelo Villar:** explica o contido da moción. Lembra que se aprobou unanimemente no pleno de 5.02.2016, un acordo relativo á constitución dun consorcio para a xestión da auga. Dá lectura aos puntos de acordo.

**Sr. Alcalde:** di que hai cousas nas que está de acordo e outras en que non. O consorcio foi defendido por todos os grupos e así segue sendo a data de hoxe. Tamén cre necesario a elaboración dun estudo por Augas de Galicia, máis tendo en conta que a seca non vai ser algo excepcional no futuro. Cre que hai que analizar que obras de infraestruturas se necesitan, en función da situación dos diferentes concellos e das súas carencias.

Propón engadir o pedimento de que Augas de Galicia aporte as cantidades precisas para facer fronte a esas infraestruturas. Sinala que tamén está de acordo co pedimento de que se faga un estudo comparativo, para saber se hai un agravio, se ben, lembra que o prezo da auga é o mesmo desde 1998, cree que non é xusto que o prezo da auga para Cangas sexa máis cara que en Moaña ou noutros concellos.

**Sr. Iglesias Santos:** está e acordo coas propostas recollidas na moción e fai referencia ao acontecido hai 32 anos respecto da traída de auga de Vigo.

**Sr. Gestido Porto:** di que apoiará a moción, xa que é un problema que require dunha pronta solución.

**Sr. Abalo Costa:** cre que hai que citar a Emilo García Gallego que afirmou que a creación do Consorcio era un problema político para Vigo. Cre importate que haxa unanimidade nesta materia, pero o certo é que é o goberno do PP o que ten na súa man adotar as medidas necesarias nesta materia.

**Sr. Sotelo Villar:** fai referencia á loita que mantivo o concello no seu día polo prezo da auga e a defensa que se fixo. Acepta o engadido do Sr. Alcalde no punto segundo:

“Instar tamén a Augas de Galicia a que aporte as cantidades necesarias para subsanar esas carencias”

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada co engadido no punto segundo, sendo o seu texto definitivo o seguinte:.



1.- O Pleno do Concello de Cangas insta á Xunta de Galicia a que aplique a normativa necesaria para a creación dun Consorcio de Augas para os Concellos que reciben subministro da presa de Eiras.

2.- O Pleno do Concello de Cangas insta a Augas de Galicia a que faga un estudo das carencias en infraestruturas para garantir o subministro de auga en condicións sanitarias óptimas aos domicilios dos distintos Concellos que recibimos auga do río Oitavén.

Instar tamén a Augas de Galicia a que aporte as cantidades necesarias para subsanar esas carencias

3.- O Pleno do Concello de Cangas insta ao Goberno Municipal a que faga un estudo comparativo dos prezos os que Vigo está vendendo a auga os distintos Concellos.

**Expediente 7705/2017. Moción do PP de 14.12.2017 para instar a ter en conta a época de exames no horario da biblioteca central.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.12.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 09.12.2017, relativa a instar a ter en conta a época de exames no horario da biblioteca central, que é como segue:

*"Sen dúbidas un dos compromisos mais importantes dun goberno coa Educación e a Cultura móstrase no funcionamento da Casa da Cultura e da Biblioteca Central.*

*No Pleno do pasado 29 de Xuño do 2016, o PP presentou una Moción pedindo que se mantivera aberta a Biblioteca Central os sábados pola mañá durante o verán e que se creara un calendario estable de apertura para todo ano, que tivera en conta a problemática dos exames nos meses de xuño e decembro. Por unanimidade de tódolos membros da Corporación aprobamos unha emenda que constaba de dous puntos, "Estudar as alternativas posibles para garantir un horario estable durante os meses de verán e durante todo ano, que teña en conta as necesidades durante os períodos de exames, co compromiso de presentar estas alternativas en outono do 2016" e outro punto "Crear un calendario estable de apertura para todo o ano, tendo en conta a problemática dos exames en xuño e decembro ".*

*Posteriormente o 28 de Abril do 2017 a Concelleira deste Grupo Municipal M<sup>a</sup> Dolores Hermelo Piñeiro presentou un Rogo onde "instaba a Alcaldía a que se adoptaran con urxencia as medidas necesarias para poder canto antes por en práctica esa moción, xa que volvemos a estar en época de exames e os estudantes o agradecerán ".*



*Pois volvemos a estar en época de exames e xa transcorreu mais dun ano e como é habitual por parte do actual Goberno Municipal non se fixo a día de hoxe nada. Apróbanse mocións para non quedar mal e logo non se executan. Por suposto o Rogo tamén como é habitual estamos esperando a contestación.*

*Por todo iso e tendo en conta que estamos en época de exames, efectuamos de novo. un ano despois, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*O Pleno da Corporación insta o Goberno Municipal a que teña en conta a época de exames e aumente o horario da Biblioteca Central."*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Millán Blanco:** explica o contido da moción facendo referencia á moción presentada nesta materia con anterioridade e con apoio unánime dos grupos. Transcorrido máis de un ano cre necesario que se solucione esta problemática.

**Sr. Mera Herbello:** explica que a biblioteca ten un problema de persoal e a solución depende da cobertura dunha vacante. Actualmente o servizo o presta unha bibliotecaria e dous conserxes. Está de acordo en que se trata dun problema serio e máis tendo en conta o novo programa da Xunta que se está a implantar que require unha maior carga laboral para os traballadores da biblioteca. Votará a favor.

**Sr. Alcalde:** explica que na biblioteca traballan unha bibliotecaria e dous conserxes, o conserxe da tarde non está preparado para prestar libros a través do novo programa da Xunta. En canto ao horario da biblioteca tamén ten o problema de falta de persoal, o Concello cada vez ten un plantel máis reducido. A cuestión das tardes vaise solucionar coa contratación dunha auxiliar administrativa. Por outra banda iniciouse a tramitación da RPT e a través da mesma tratarase de facer certa reestructuración de persoal. É vontade do equipo de goberno solucionar esta problemática, pero é complicado e se está a traballar niso. Votarán a favor.

**Sr. Iglesias Santos:** entende que é un problema complexo, porque falar de novo persoal e falar de cartos. No tema dos horarios pide que se teña en conta a todo o mundo en relación aos diferentes calendarios do alumnado.

**Sr. Alcalde:** indica que non é só un problema de cartos senón da limitación á que está suxeito o Concello polo plan de axustes que non permite incrementar o plantel de persoal.

**Sr. Gestido Porto:** cre que fai falta algo máis, non só é un problema de contratación de persoal senón tamén é cuestión de trasladar a persoal capacitado para realizar certas funcións.

**Sr. Alcalde:** aclara que non se pode cambiar a un traballador con horario de mañá para



que traballe pola tarde ou noite é necesario que haxa a conformidade do traballador.

**Sr. Millán Blanco:** indica que o Plan de Axuste xa existía con anterioridade e o que se facía era abrir a biblioteca con persoal non cualificado e sen empréstito de libros, unicamente para abrir e vixiar en época de exames. Suxire que se inclúa nun futuro plan da Deputación para a contratación de persoal, ao persoal de bibliotecas.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 7750/2017. Moción do grupo do BNG de 14.12.17 contra a subida de peaxes da AP-9.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0,

Abstencións: 7, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.12.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal BNG, do día 10.12.2017, relativa a estar en contra da subida de peaxes, que é como segue:

*"O goberno do Estado, a través do Ministerio de Fomento, acaba de autorizar a Audasa unha subida extraordinaria durante os próximos 3 anos do 3,1% para todos os tramos da AP-9, e que vén representar o dobre do IPC.*

*A privatización da AP-9 no 2003 está a significar grandes incrementos das peaxes nunha infraestrutura que está en mans dun fondo especulativo norteamericano e que goza dunha concesión ampliada até o ano 2048 baixo o Goberno do PP presidido Aznar. Unha explotación que outorga grandes beneficios económicos por unha infraestrutura xa amortizada, como demostran os multimillonarios beneficios da empresa concesionaria. Beneficios que nin sequera repercuten na mellora do servizo. Non se mellorou a iluminación nin o asfaltado en moitos tramos e reduciuse drasticamente o persoal das cabinas de pago. Rexistra colas de horas en períodos estivais ou datas sinaladas sen se adoptaren medidas de ningún tipo.*

*O BNG leva demandando desde fai anos que se tomen medidas para que a AP-9 sexa unha vía de comunicación galega, de competencia do Goberno galego, e de acceso gratuíto para todas as galegas e galegos. Nomeadamente, o BNG presentou iniciativas tanto no Parlamento de Galiza como no Congreso dos Deputados para demandar, entre outras medidas, a súa transferencia á Xunta de Galiza e que se suprimisen as peaxes.*

*A AP-9 abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas, mais depende do Goberno do Estado que mantén peaxes desorbitadas para as persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos.*



*Con todos estes precedentes, é necesario que a Xunta de Galiza deixe de mirar para outro lado e asuma as demandas da cidadanía galega. É precisa a supresión das peaxes, melloras na autoestrada, que remate a explotación privada da AP-9 e se converta nunha autoestrada pública e gratuíta de titularidade galega.*

*O ano pasado, o Parlamento de Galiza, por unanimidade das forzas políticas, aprobou a 'Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza', que foi remitida ao Congreso para a súa tramitación e aprobación final.*

*O Bloque Nacionalista Galego aspira a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas, os incrementos constantes e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias da AP-9.*

*Tamén, en febreiro deste ano, aprobouse unha iniciativa do BNG polo que o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado a supresión da peaxe no treito da AP-9 Vigo-Rande.*

*Por todo isto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte*

#### ACORDO

*1. Manifestar o rexeitamento á subida das peaxes na AP-9, instando á Xunta de Galiza a que demande a súa supresión.*

*2. Instar á Xunta de Galiza a que cumpra os acordos do Parlamento galego e demande do Goberno do Estado:*

*A transferencia da AP-9 á administración galega.  
A supresión da peaxe no treito da AP-9 Vigo-Rande.*

*3. Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza, presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado."*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sra. Giráldez Santos:** explica o contido da moción.

**Sr. Iglesias Santos:** di que votará a favor. Indica que as autoestradas as paga quen as utiliza, sexa de onde sexa. Fai referencia ás iniciativas do PSOE para o Estado actúe en relación á situación da AP9, evitando a suba anual acumulativa de peaxe a partir do 2018, entre outros extremos.





**Sr. Sotelo Villar:** di que a eles tamén lles gustaría que as autoestradas fosen gratuítas, pero iso implica que o pagaremos entre todos e non só os usuarios. Lembra que o BNG tamén gobernou en Galicia e votaron en contra dunha proposta do PP no 2007 nesta materia, cando o BNG tamén tiña man ante o goberno central. Pregunta se a AP9 sería gratuíta se fose de titularidade autonómica. Indica que o Sr. Blanco como Ministro de Fomento aprobou o contrato de modificación da concesión de Audasa, polo que cre que todos teñen a súa parte de culpa. Di que en esencia está de acordo co que pide a moción.

Indica que o punto primeiro referido á supresión das peaxes é un brindis ao sol, se ben si está de acordo que se demande que non se aplique ningún incremento como consecuencia das obras. Cre posible que se suprima a peaxe nun tramo concreto, pero non en toda a autoestrada.

**Sra. Giráldez Santos:** di que a AP9 está amortizada desde fai anos. Cre que non todos os partidos teñen a mesma porcentaxe de culpa, porque a xestión da autoestrada é competencia do goberno de Madrid. Non admite o engadido do PP.

**Sr. Sotelo Villar:** di que no 2007 o BNG votou en contra dunha proposición non de lei ante o parlamento galego que pedía a transferencia da AP9 para Galicia, que presentou o PP ante o goberno bipartito da Xunta. Di que hai unhas concesións efectuadas ata o ano 2048, polo que non hai forma de que elimine a peaxe. Se non existe peaxe a autoestrada a pagan todos, tamén quen non ten coche nin circula pola autoestrada. Repite que pode loitarse pola supresión da peaxe nun tramo da AP9, pero non de todo o trazado.

**Sra. Giráldez Santos:** di que o proposta do PP non 2007 non foi tal cual a expuso o Sr. Sotelo Villar.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

**Abstencións:** 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### Incidencias:

Cando son as 22:05 horas abandona o Salón de Sesiós o concelleiro Sr. Abalo Costa.

**Expediente 7751/2017. Moción de Cangas Decide s/ paralización das obras de reforzo do firme nas estradas PO-315 e PO-551.**



**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 2, En contra: 18,  
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal “Cangas Decide”, do día 24.11.2017, relativa á paralización das obras de reforzo do firme nas estradas PO-315 e PO-551, que é como segue:

*"A Consellería de Infraestruturas e Vivenda sacou a licitación as obras de reforzo do firme nas estradas PO-315 e PO-551 ao seu paso Bueu, Cangas, Pontevedra, Marín e Moaña así como da variante de Marín ( VG-4.4).*

*Ainda entendendo a necesidade de actuar neste vial cremos pensar que se pode tratar dunha broma, nestes momentos no que se atopa pechada a Vía Rápida.*

*E polo que presentamos para seu debate no Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*1. Solicitar á Consellería da XUNTA de GALICIA a paralización desta actuación mentras atopese cerrada a Vía Rápida."*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Alcalde:** lembra que no último pleno rexeitouse a urxencia da moción presentada por “Cangas Decide” polo que debería terse incluído na última comisión informativa, pero non se fixo por erro e de aí que se inclúa directamente na orde do día do Pleno e requira a súa ratificación.

**Ratificación da inclusión na orde do día:** de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 82.3 do R.d. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello Pleno, por unanimidade dos membros presentes, acorda declarar a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

**Sr. Gestido Porto:** expón o contido da moción.

**Sr. Soliño Costas:** di que están a favor das obras de mellora nas condición axeitadas e sen prexudicar a ninguén.

**Sr. Alcalde:** EXPLICA que esta actuación está nunha fase en que non se vai executar obra ningunha, polo que non cre necesario solicitar a paralización. Tamén lembra que as obras da vía rápida afectan a Moaña e non a Cangas, polo que tampouco se podería facer pedimentos relativos a outro concello.

**Sr. Iglesias Santos:** cre que a moción pretende que a Xunta teña en conta que non se entorpeza o tráfico a Vigo mentres está en obras a vía rápida.

**Sr. Gestido Porto:** aclara que a redacción enténdese perfectamente. Búscase que non comencen as obras ata que non remate a obra da vía de alta capacidade.



### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 2 (1 dos/as concelleiros/as presentes do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

**Votos en contra:** 17 (3 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN e 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

#### **Dación de conta das resolucións da Alcaldía ditadas desde do 15 de novembro ao 18 de decembro de 2017.**

O Sr. Millán Blanco indica que non puideron acceder á referida documentación.

O Sr. Alcalde di que na vindeira sesión plenaria se volverá a dar conta das mesmas resolucións.

#### **Dación de conta dos informes de reparo de intervención segundo a base de execución núm. 38 do orzamento municipal.**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

### **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

**Sr. Millán Blanco:** sinala que no último pleno houbo un reparo suspensivo sobre as facturas das festas do 2017, por non cumprirse coa Lei de Contratos do Sector Público, pregunta qué aconteceu e se se vai a adoptar algunha medida para solucionalo.

**O Sr. Alcalde** pide que se respostará por escrito á pregunta porque non ten os datos para respostar agora.

**Sr. Graña Graña:** indica que a Sra. Giráldez Santos dixo na prensa que non tiña coñecemento de que a auga estivera turbia, na zona onde el vive segue turbia, polo que pregunta se se ten adoptado algunha medida. Pide ter acceso ás analíticas da auga ao respecto.



Concello de Cangas

**O Sr. Alcalde** resposta que na Alcaldía figuran tales informe e se lle porán a disposición.

**O Sr. Graña Graña** di que as analíticas das fontes teñen que estar subidas á páxina web o cal é obrigatorio e que cando fixo a última pregunta ao respecto no pleno non o estaban.

**Sr. Sotelo Villar:** pide ter copia da reclamación da UTE Cangas, por importe dun millón de euros e tamén da resposta do concello a esta reclamación.

**O Sr. Alcalde** indica que a resposta está a ser elaborada neste momento polo abogado do Concello.

**Sr. Sotelo Villar:** o 29 de novembro o grupo PP solicitou documentación coa sinatura dos oito membros do grupo que aínda non se lle remitíu, respecto aos abonados da auga desde o 01.10.15. Pide que se lle entregue tal documentación.

**Sr. Iglesias Santos:** en relación coa demanda da UTE Cangas, pide que se lle entregue unha copia da mesma.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850